

NOTA DE PRENSA

A GRAN “GALA DO FÚTBOL GALEGO” TERÁ LUGAR O 21 DE XUÑO NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

A Real Federación Galega de Fútbol poñerá o broche de ouro ao curso coa celebración da súa gala anual, unha cita na que tamén se entregarán os premios "Galicia en Goles" da Radio Galega

Este evento global premia a todos os clubs destacados de Galicia e recoñece o traballo de toda esa xente que desde a sombra, e en ocasións desde o máis puro anonimato, achegou o seu gran de area para engrandecer o fútbol da nosa terra

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019

A “Festa do Fútbol Galego” xa ten sitio, data e hora para a súa celebración. A emblemática Cidade da Cultura de Galicia, no monte Gaiás de Santiago de Compostela, é o lugar elixido pola Real Federación Galega de Fútbol para poñer o broche de ouro á tempada 2018/2019 coa celebración da súa gana anual, unha cita na que, como vén sendo habitual, tamén se entregarán os "Premios Galicia en Goles" da Radio Galega.

Este evento global que premia a todos os clubs destacados de Galicia e recoñece o traballo de toda esa xente que desde a sombra, e en ocasións desde o máis puro anonimato, achegou o seu gran de area para engrandecer o fútbol da nosa terra, terá lugar o vindeiro venres 21 de xuño ás 20 horas no salón de eventos do Centro de Innovación Cultural da Cidade de Cultura de Galicia.

Cabe apuntar que a Real Federación Galega de Fútbol, por iniciativa propia, propuxo á Asociación de Clubs Galegos de Fútbol volver axuntar forzas e repetir o formato de espectáculo que levou a cabo no 2018, pero finalmente a entidade que preside Rafael Louzán poñerá en marcha a súa propia gala como vén sendo tradición durante os últimos anos.

Historia do fútbol galego

O Centro de Innovación Cultural da Cidade da Cultura de Galicia será o espazo que albergue a gran "Gala do Fútbol Galego" o vindeiro venres 21 de xuño. Cunha superficie de 7.500 metros cadrados, o edificio consta de sete plantas que albergan oficinas, unha cafetería para o persoal, dúas salas polivalentes e un salón de usos múltiples duns 500 metros cadrados para a realización de eventos.

A Cidade da Cultura de Galicia foi o lugar elixido pola Real Federación Galega de Fútbol para a celebración da "Festa do fútbol de Galicia" pola súa inmejorable accesibilidade, e máis despois da entrada en servizo da nova ligazón desde a AP-9, polas súas numerosas prazas de aparcadoiro e porque desde hai varias semanas preséntase como o epicentro da historia do balompé da nosa comunidade ao albergar a exposición "Valor e mestría", a mostra máis ambiciosa sobre o fenómeno do fútbol na nosa comunidade, tanto en percorrido histórico como en número de pezas: 300, das cales 200 son orixinais.

Ao longo destes 143 anos o fútbol galego foi protagonista en numerosos momentos estelares. Así, a antoloxía de pezas desta exposición devólvennos as xestas de Luis Suárez, Amancio, Marcelino, Buyo, Arsenio Iglesias; de equipos como o Pontevedra do "Hai que roelo", o Celta que brillou en Europa ou o Súper Dépor; de xogadores como Fran, Michel Salgado; ou da nosa futbolista máis internacional, Vero Boquete, o nome máis representativo da explosión que está a vivir o fútbol feminino galego e que tivo á porteira Irene como pioneira a principios do século pasado.

Facerse eco de todos eles é o principal obxectivo desta mostra, a exposición que se pode ver no segundo piso da Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela. Organizada pola Xunta de Galicia coa colaboración da Real Federación Galega de Fútbol, conta con de os expertos en fútbol galego Xosé Antón Castro e Rubén Ventureira como comisarios da exposición.

A sede da RFGF de Santiago acollerá parte da mostra

Parte de mostra "Valor e mestría" que ata o mes de setembro aínda se pode visitar na Cidade da Cultura de Galicia trasladarase posteriormente á sede da Real Federación Galega de Fútbol en Santiago de Compostela, onde permanecerá de forma indefinida.